

# **PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**

**1º CURSO PRIMARIA**

*CURSO 2021 - 2022*

**CEIP PLURILINGÜE DE CEDEIRA**

# **ÍNDICE**

**1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

**2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.**

**3. OBXECTIVOS.**

**4. CONCRECIÓN CURRICULAR:**

A) MAPA DE RELACIÓN CURRICULAR DE CADA UNHA DAS ÁREAS.

1. OBXECTIVOS.

2. CONTIDOS.

3. CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

4. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

5. MÍNIMOS ESIXIBLES.

6. COMPETENCIAS CLAVE.

B) PERFIL DAS ÁREAS:

1.OBXECTIVOS.

2.CONTIDOS.

3.CRITERIOS DE AVALIACIÓN.

4.ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE.

5.MÍNIMOS ESIXIBLES.

6.PONDERACIÓN PARA CADA ESTÁNDAR/MÍNIMO.

7.AVALIACIÓN.

**5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.**

**6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

**7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E P. DOCENTE.**

**8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

**9. AVALIACIÓN.**

**10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

**11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

**12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.**

**Anexo I**

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

Esta programación vaise desenvolver no C.E.I.P. de Cedeira, centro de educación infantil e primaria, situado na parroquia de San Andrés de Cedeira no concello de Redondela (Pontevedra). Esta localidade de máis de 2.000 habitantes que ten unha extensión de 5,8 km cadrados. conta con 7 núcleos de poboación denominados Aldea, Cruceiro, Eira Pedriña, A Formiga, Fortóns, A Portela e Rande. O noso centro atópase no Cruceiro. O concello de Redondela no que se atopa o centro ten 29.918 habitantes e unha extensión de 52 km cadrados. Está situado no interior da ría de Vigo, e pertence á súa comarca. A súa situación inflúe nas actividades económicas, unha das cales é a pesca, basicamente flota de baixura, e o marisqueo. Outras actividades do sector primario son os invernadoiros de flores e as plantacións de kiwis. A maior parte da poboación traballa no sector secundario, en actividades relacionadas co mar, especialmente en fábricas conserveiras e de conxelado.

As familias dos nosos alumnos están encadradas dentro da clase media. Os pais traballan principalmente na industria e as nais, un tanto por cento moi baixo dedícase os seus labores, desenvolven o seu traballo fóra do fogar, dedicándose a labores de limpeza, auxiliares administrativas, dependentas... As familias teñen unha grande participación na vida escolar e mostran moito interese polas actividades realizadas no centro e polo nivel educativo dous seus fillos.

O CEIP Plurilingüe de Cedeira, que pertence á rede de centros públicos dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, ten na actualidade 3 unidades de Educación Infantil e 6 unidades de Educación Primaria.

O centro está integrado por un edificio cunha planta baixa onde están as aulas de Educación Infantil e unha primeira planta onde se encontran as de Educación Primaria. No exterior do edificio existe unha pista cuberta de fútbol sala e outra pista descuberta con dúas canchas de baloncesto. A aula de Música e Psicomotricidade e o comedor atópanse nun bloque anexo construído recentemente. Hai un pequeno patio cuberto na parte traseira, e unha zona verde á entrada do colexio que utiliza o alumnado de Educación Infantil para xogar nos seus períodos de lecer.

Á parte das aulas dos diferentes grupos, existen outros espazos destinados a aula de informática, biblioteca, aula de pedagogía terapéutica, aula de audición e linguaxe, despacho de orientación, dirección e sala do profesorado.

Esta proposta didáctica vai destinada ao alumnado de 1º de Primaria, grupo bastante homoxéneo formado por 15 estudantes, dos cales 8 son nenos e 7 son nenas.

Tras a avaliación inicial pode deducirse que o grupo mostra unha competencia curricular axeitada de acordo á súa idade e curso, cunha boa autonomía no traballo e con capacidade para rematar as tarefas nun tempo determinado.

Cabe destacar a nova incorporación dunha alumna chegada doutro colexio.

Ademais, catro estudantes acoden a sesións coa mestra de AL para reforzar a correcta pronunciación dalgúns fonemas e outros catro reciben apoio do mestre de PT.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE.

O proceso de ensino-aprendizaxe depende en boa medida de que se consensúen previamente os diversos aspectos do plan de acción educativa: que ensinar (obxectivos e contidos); cando ensinar (secuencia de obxectivos e contidos); como ensinar (metodoloxía); e que, como e cando avaliar (criterios de avaliación). Todos estes elementos, xunto co desenvolvemento das competencias básicas, a formulación da atención á diversidade do alumnado e as liñas mestras da orientación, configuran a presente *Proxecto curricular*.

O *Proxecto curricular* é un instrumento práctico e público que permite a cada profesor encadrar as súas programacións de aula no marco conxunto de actuación, e a todos os axentes educativos (dirección, profesores, familias e alumnos) coñecer a proposta pedagóxica do centro, así como as correccións xerais que poden formularse ou os mecanismos de reforzo e ampliación.

Esta programación é o segundo nivel de concreción na etapa de Educación Primaria e está adaptado á Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, concretada en Galicia no “Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia”.

Nesta programación reflíctense os contidos, os criterios de avaliación, os estándares de aprendizaxe e a contribución das distintas áreas ás competencias clave, a temporalización, a metodoloxía, os materiais e os recursos didácticos e os criterios de cualificación de aula de 1º de Educación Primaria.

Aínda que pode consultarse unha maior concreción no anexo I, onde se recolle a relación entre cada estándar de aprendizaxe e competencia clave tal e como se reflicte no actual Decreto 105/2014 do 4 de setembro que regula ao currículo de Educación Primaria en Galicia. A continuación, amósase unha selección da contribución ás competencias tendo como eixe para establecer dita relación a metodoloxía que se deseñou para este grupo/clase.

<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA</b></p> <p><b>Comprensión oral:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Vídeos explicativos.</li> <li>- Visionado e escoita de contos.</li> </ul> <p><b>Comprensión escrita:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoio TIC.</li> <li>- Uso de auto- instrucións.</li> <li>- Lectura compartida.</li> </ul> <p><b>Expresión oral:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Debates.</li> <li>- Resolución pacífica de conflitos.</li> <li>- Pequenas exposicións.</li> <li>- Actividades do EDLG.</li> </ul> <p><b>Expresión escrita:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recursos xeradores de historias (dados, láminas....)</li> <li>- Auto-ditados.</li> <li>- Secuenciacións.</li> </ul> <p><b>Hábito lector:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Hora de ler.</li> <li>- Biblioteca de aula.</li> <li>- Contos.</li> <li>- Actividades da biblioteca escolar.</li> <li>- Mochila viaxeira.</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA MATEMÁTICA E EN CIENCIA E TECNOLOXÍA</b></p> <p><b>Pensamento lóxico e esquemas de representación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Cuadrícula nos cadernos de traballo.</li> <li>- Dominio da pauta.</li> <li>- Liñas do tempo.</li> <li>- Datas e calendario.</li> <li>- Mapas conceptuais.</li> <li>- Táboas para rexistrar datos.</li> <li>- Lectura de gráficas.</li> <li>- Datas e calendario.</li> </ul> <p><b>Cálculo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Sumas e restas.</li> </ul> <p><b>Medicións:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Recta numérica.</li> <li>- Regretas.</li> <li>- Introducción ó reloxo.</li> </ul> <p><b>Propoñer preguntas e extraer conclusións baseadas en probas:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Resolución de problemas</li> <li>- Introducción ao método científico.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA DIXITAL</b></p> <p><b>TIC como acceso á información:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Manexo da aula virtual. Manexo da aula virtual.</li> <li>- Manexo do uso seguro á Internet (búsquedas</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA EN APRENDER A APRENDER</b></p> <p><b>Auto- xestión da aprendizaxe:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Organización de grupos.</li> <li>- Xestión de actividades.</li> </ul>

<p>guiadas).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura de recursos dixitais.</li> <li>- Investigacións de temáticas de diversa índole.</li> </ul> <p><b>TIC como forma de comunicación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Aula virtual.</li> <li>- Blog do centro.</li> <li>- Radio escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Apoio en auto-instrucións.</li> <li>- Método científico.</li> </ul> <p><b>Auto- avaliación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Individual (actividades/momentos puntuais).</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA SOCIAL E CÍVICA</b></p> <p><b>Saber comprender a sociedade:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Pequenos proxectos (aprendizaxe por servizos).</li> </ul> <p><b>Saber ser na sociedade:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Respectar a diversidade.</li> <li>- Conmemoracións.</li> <li>- Normas de aula.</li> </ul> <p><b>Saber facer na sociedade:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Participación activa: tarefas integradas.</li> <li>- Toma de decisións: individuais e colectivas.</li> <li>- Resolución pacífica de conflitos.</li> </ul>	<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA EN SENTIDO DA INICIATIVA E ESPIRITO EMPRENDEDOR</b></p> <p><b>Capacidade de organización:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- CA/AC.</li> <li>- Cartafol.</li> <li>- Auto- avaliación.</li> </ul> <p><b>Capacidade de comunicación:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Exposicións.</li> </ul> <p><b>Creatividade, iniciativa e innovación.</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Produtos finais.</li> </ul>
<p style="text-align: center;"><b>COMPETENCIA EN CONCIENCIA E EXPRESIÓNS CULTURAI</b></p> <p><b>Patrimonio:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Proxecto "Teitos a oito".</li> <li>- Actividades complementarias previstas.</li> </ul> <p><b>Materiais e técnicas para crear:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- TIC ou Radio escolar.</li> </ul> <p><b>Perspectiva crítica:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Debates.</li> </ul>	

### 3. OBXECTIVOS.

Os obxectivos son os elementos curriculares que, e segundo a definición establecida no Decreto 105/2014, se refiren aos logros que o alumnado debe acadar ao finalizar o proceso educativo, como resultado das experiencias de ensino e aprendizaxe intencionalmente planificadas para tal fin. Por iso, esta programación didáctica está deseñada para a consecución dos obxectivos da etapa de educación primaria (que se recollen no xa citado Decreto 105/2014). Ao tratarse de obxectivos de etapa, e esta programación dunha proposta para primeiro, debemos ter en conta en todo momento que os obxectivos da mesma non deben supoñer a consecución plena dos obxectivos de etapa, xa que aínda quedan cinco cursos mais para que os alumnos/as poidan acadalos.

Os obxectivos formulados no dito Decreto son os seguintes:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.
- e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.
- f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.



- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.
- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

Así pois, o que a continuación se presenta é unha selección e un pequeno comentario dos obxectivos que se relacionan dunha forma máis directa co traballo que nesta programación se reflicte deixándose para o anexo I o perfil de área, coa correlación directa entre a área e os obxectivos de etapa.

**Directivos relacionados coa convivencia e formas de acción e pensamento** traballan en favor da:

- Convivencia.
- Democracia.
- Diferentes culturas.
- Resolución de conflitos.
- Hábitos de traballo.
- Galicia e as súas singularidades.

a  
b  
c  
d  
m  
o

**Directivos relacionados co dominio da linguaxe para a aprendizaxe:**

- Catro destrezas da comunicación lingüística.
- Establecemento do hábito lector.

f  
i  
j  
e

**Directivos relacionados co dominio de contidos máis específicos de áreas, tales coma:**

- Resolución de problemas matemáticos.
- Lectura de mapas.
- Coñecemento dos seres vivos.
- Uso de linguaxes visuais e audiovisuais.
- Educación viaria.

g  
h  
i  
l  
n

## 4. CONCRECIÓN CURRICULAR.

Pódese consultar o mapa de relación curricular para cada unha das áreas e o perfil de ditas áreas (**Ver anexoI**).

### A) Mapa de relación curricular de cada unha das áreas.

1. Obxectivos.
2. Contidos.
3. Criterios de avaliación.
4. Estándares de aprendizaxe.
5. Mínimos esixibles.
6. Competencias clave.

### B) Perfil das áreas.

1. Obxectivos.
2. Contidos.
3. Criterios de avaliación
4. Estándares de aprendizaxe
5. Mínimos esixibles.
6. Ponderación para cada estándar.
7. Procedementos..
8. Instrumentos.
9. Avaliacións.
10. Competencias clave.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS DA MATERIA.

Os principios metodolóxicos que se empregan na aula son:

- Metodoloxía **Globalizadora**: para lograr o desenvolvemento das capacidades nos procesos evolutivos.
- Partir da competencia inicial do alumnado e as súas **experiencias**: Todas as actividades de aprendizaxe estarán enraizadas na vida do alumnos, procurando que transcendan a outros contextos.
- O alumno debe chegara **construír** os seus propios aprendizaxes: capacitar o alumno para aprender a aprender.
- Ter en conta a **diversidade**: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe.
- Enfoque orientado á **realización de tarefas** e á **resolución de problemas**: as actividades deben ser motivadoras e gratificantes.
- **Hábito de lectura** (mediante a incorporación dun tempo diario na aula de trinta minutos) e **uso das TIC**.
- A metodoloxía debe guiarse polos principios de: **activa, personalizada, inclusiva e participativa**.
- A avaliación será **continua** e **formativa**: para adecuar o proceso de ensinanza ó proceso de aprendizaxe.

No caso dun confinamento da aula, seguirase traballando co material do propio alumnado, propoñendo tarefas a través da **aula virtual** do centro, onde se propoñerán actividades diversas para que o alumnado realice en formato papel (a través do libro ou a impresión de tarefas) e/ou dixital (a través da plataforma).

De maneira excepcional, facilitaranse outras formas de traballo a aquel alumnado que non poda acceder a este medio por falta de recursos ou ben porque precise dun tratamento diferenciado ó traballo da aula virtual.

Cabe destacar o papel das familias (dada a escasa autonomía dos alumnos debido a súa curta idade) e a necesaria comunicación constante e continua coa titora (mediante a Aula Virtual, o teléfono, Abalar móbil ou o correo electrónico).

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.

### - Materiais:

- Libros de texto de Matemáticas, Ciencias da Natureza e Ciencias Sociais (Proxecto Zoom). Ed. Vicens Vives.
- Libro de texto de Lingua Galega (Aula Activa). Ed. Vicens Vives.
- Libro de texto de Lingua Inglesa (New Tiger). Ed. MacMillan.
- Fotocopias da Cartilla de Lectura (Letra a letra). Ed. Santillana.
- Caderno de traballo pauta Montessory.
- Material Bibliográfico diverso de ampliación e reforzo de todas as áreas.
- Dicionarios, periódicos e outros materiais impresos e fotocopiados.
- Mapas e murais.
- Biblioteca de aula con recursos obtidos da biblioteca do centro e aportacións das familias.
- Ordenador de aula e lousa dixital.
- CDs coas audicións correspondentes á área de Lingua Inglesa.

### - Recursos didácticos:

- Recursos escolares: regretas, reloxo, billetes e moedas, ábacos, abecedarios en madeira, tangrams e dominós variados.
- Recursos TIC: Power Points, páxinas webs, programas informáticos...
- Xogos educativos: xogos simbólicos, de construcións, lingüísticos, bloques lóxicos e materiais para traballar a motricidade como plastilina e útiles para xogar con ela.
- Recursos persoais: unha titora, especialistas en Ed. Física, Música e Relixión e o departamento de orientación (o orientador e unha mestra de Audición e Linguaxe).

## 7. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

Para medir a adecuación do proceso de ensino e a práctica docente utilizaremos os seguintes indicadores e, así analizar os aspectos a mellorar:

### 1. PLANIFICACIÓN DO TRABALLO DOCENTE:

Como mestre/a:	SI	NON
Realizo unha planificación das miñas clases.		
Consulto a normativa vixente para ter presentes os programas de cada área.		
Consulto materiais para actualizar os contidos e novos enfoques de ensinanza.		
Realizo os axustes necesarios do currículo para atender á diversidade do alumnado.		

No plan de clase:	SI	NON
Establezo o que ensinar, os exercicios, actividades e tarefas a realizar e as formas de participación.		
A orde e os momentos nos que se levarán a cabo cada unha das “actividades”.		
Os recursos a empregar.		
Estratexias e momentos de avaliación das aprendizaxes (rexistros, probas, observacións, etc)		

### 2. APROVEITAMENTO DO TEMPO E OS RECURSOS MATERIAIS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS CLASES:

Ao desenvolver as miñas clases utilizo:	SI	NON
O tempo nas actividades segundo o estimado ou planeado.		
A meirande parte do tempo nunha ensinanza activa e participativa.		
Exercicios e actividades variadas que reforcen ou amplíen os distintos ritmos de aprendizaxe.		
Material informativo visual para favorecer a adquisición de coñecementos.		
As TICs para reforzar e ampliar coñecementos.		
Xogos didácticos para motivar e reforzar as aprendizaxes dentro da aula.		

### 3. ESTRATEXAS E ACTIVIDADES PARA PROMOVER

#### APRENDIZAXES SIGNIFICATIVOS:

<b>Ao desenvolver as miñas clases:</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>
Dou instrucións completas para que os alumnos realicen o traballo (materiais, recursos, forma de organizarse e tempo de que dispoñen).		
Verifico que os alumnos comprendan o que teñen que facer.		
Promovo traballos en grupo.		
Promovo o traballo en grupo entre o alumnado para que interactúen e se axuden entre sí.		
Apoio individualmete, na medida do posible, ós alumnos/as con dificultades á hora de realizar as actividades pola súa conta.		
Promovo que os meus alumnos/as realicen actividades nas que desenvolvan a creatividade e a orixinalidade.		
Promovo cos meus alumnos/as participen por iniciativa propia.		
Promovo que os meus alumnos/as expresen as súas ideas e opinión comparándoas e respectado ás dos demais.		

### 4. ESTRATEXIAS E ACCIÓNS PARA AVALIAR ÓS ALUMNOS/AS:

<b>Para avaliar ós meus alumnos/as:</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>
Emprego instrumentos variados de avaliación.		
Emprego instrumentos variados de avaliación oral ( entrevistas, escalas de observación directa e indirecta...)		
Elaboro rexistros que me axuden a identificar os avances e progresos.		
Promovo actividades de autoavaliación .		

<b>Para asignar as calificacións dos meus alumnos segundo as porcentaxes establecidas:</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>
Teño en conta os resultados das probas		
Considero os rexistros dos exercicios.		
Considero os rexistros da participación oral.		
Mido o grao de consecución das actividades.		

## 5. USO DOS RESULTADOS DA AVALIACIÓN:

Utilizo os resultados da avaliación para:	SI	NON
Propoñer actividades de retroalimentación.		
Identificar necesidades de apoio do alumnado.		
Axustar o meu traballo docente na planificación das clases segundo os resultados obtidos en cada unidade.		
Informar ó alumnado dos avances e progresos.		

## 6. CLIMA DA AULA:

Como mestre/mestra:	SI	NON
Trato a todos os meus alumnos/as equitativamente segundo as súas características sen ter favoritismos.		
Animo e motivo ó alumnado para que traballen e participen en todas as actividades.		
Promovo que se resolvan a tempo as situacións conflitivas que se presentan.		
Manteño a calma ante situacións conflitivas.		
Promovo que na clase exista un ambiente de compañeirismo e respecto entre o alumnado.		
Preocúpome por coñecer os intereses gustos e necesidades do meu alumnado.		



## **8. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS A ADOPTAR EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS.**

Nas primeiras semanas do curso se realizarán probas de avaliación inicial aos alumnos/as de 1º de Educación Primaria para medir a competencia en comunicación lingüística e en competencia matemática.

Tras esa avaliación inicial, a titora realizará unha valoración dos resultados, có fin de coñecer as ideas previas dos nenos/as, sendo o punto de partida dende o que o alumnado inicia as novas aprendizaxes de cada área e o punto de referencia para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe e as decisións curriculares nas programacións de aula. En reunión co equipo docente e o Departamento de Orientación, estes resultados permitirán adoitar as medidas de reforzo e apoio que o alumnado precise.

## 9. AVALIACIÓN.

Tendo en conta a normativa vixente no referido a avaliación, os referentes para a mesma serán os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliáveis.

A avaliación do alumnado será continua e global, segundo o progreso no conxunto das distintas áreas.

Os criterios de calificación serán os seguintes:

	LINGUA	GALEGO	MATEMÁTICAS	CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS SOCIAIS	PLÁSTICA	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS.
<b>ACTITUDE (PARTICIPACIÓN, INTERÉS, ESFORZO E NORMAS).</b>	20%	20%	20%	20%	20%	40%	60%
<b>PROBAS ORAIS E ESCRITAS</b>	20%	20%	20%	20%	20%		
<b>TRABALLO DIARIO</b>	50%	50%	60%	60%	60%	30%	40%
<b>LECTURA</b>	10%	10%					
<b>ANÁLISE DE PRODUCCIÓN</b>						30%	
<b>TOTAL</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>	<b>100%</b>

A recollida sistemática de información sobre o traballo diario dos alumnos/as informará obxectivamente do progreso dos estudantes mediante a observación directa, as actividades individuais e grupais, o caderno da clase, as rúbricas vinculadas ós estándares de aprendizaxe ou a outros criterios, a capacidade lectora e as probas orais e escritas. Ademais se valorará o esforzo, o interese e a motivación, a atención, a participación na clase, a actitude colaborativa e o cumprimento das normas tanto na aula como no centro.

### **Avaliación durante o período de confinamento.**

En caso de darse esta posibilidade, os criterios de calificación serán os mencionados no apartado anterior e a avaliación se realizará a través da entrega de tarefas na aula virtual ou dos medio que establezan a titora e as familias, de acordo coas circunstancias persoais de cada alumno e alumna.

Resaltar que nestas idades a colaboración das familias é fundamental para garantir e continuar o proceso de ensino-aprendizaxe, dada a escasa autonomía dos nenos/as e a dificultade no manexo das TIC e a Aula Virtual.

## **10. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.**

Dende este nivel, entendemos a Atención á Diversidade como un principio que consiste en dar unha resposta educativa o máis axustada posible ás características e necesidades do alumnado, tendo en conta a variabilidade dun alumno a outro en canto a capacidades, intereses ou ritmo de aprendizaxe. Esta atención á Diversidade abarcará a todo o alumno en desvantaxe, ben por razóns persoais (discapacidade, sobredotación, enfermidade), sociais, familiares, de historia académica ou de procedencia.

Polo tanto, asumírase como propios os principios nos que se basea o noso sistema educativo actual, disposto a partir da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de Maio de Educación, no seu art.1, sobre a calidade da educación, a equidade que garante a igualdade de oportunidades, a inclusión educativa e non discriminatoria así como a flexibilidade, adecuándonos aos intereses, expectativas e necesidades do alumno.

Tendo isto en conta, tratarase de adaptar as nosas programacións, adecuando os obxectivos e contidos ás características e coñecementos do noso alumnado.

### **A nivel de aula:**

As medidas que se tomen a nivel de aula serán de carácter ordinario e afectará a programación de aula que será adaptada en función das características do alumnado.

#### Adaptacións de acceso ao currículo

Entendemos estas modificacións como aquelas que se realizan nos recursos formais, materiais, persoais ou de comunicación e que van facilitar que algúns alumnos con necesidades educativas poidan desenvolver o currículo ordinario ou, no seu caso, o currículo adaptado.

Adaptacións nos elementos persoais	- Organizar estruturas de tipo colaborativo fronte a estruturas de tipo competitivo.
	- Fomentar a participación de todos os alumnos no grupo e axudar a mellorar a súa autoestima.
	- Manter xuntanzas periódicas entre titores e mestres de apoio.
	- Aproveitar as actividades en gran grupo para mellorar o clima e a relación dos alumnos dentro da aula.
	- Aproveitar as situacións espontáneas para afianzar as relacións cos alumnos.
	- Colaboración do profesorado de apoio na elaboración da programación de aula, e planificación conxunta das sesións de traballo.
Adaptacións espaciais	- Mellorar as condicións de acceso físico, iluminación e sonorización co fin de favorecer a mobilidade e a autonomía dos nenos.
	- Buscar unha distribución adecuada dos espazos para compensar as dificultades de determinados alumnos.
	- Indicar correctamente a ubicación dos materiais da clase.
Adaptacións materiais	- Adaptar os materiais de uso común e dispoñer de instrumentos específicos que salven as dificultades: mobiliario, equipamentos específicos, materiais didácticos...
Adaptacións na comunicación	- Contar con sistemas alternativos de comunicación oral ou escrita (SPC), ou sistemas complementarios de comunicación para aqueles alumnos que poidan necesitalo.
Organización do tempo	- Confeccionar un horario de aula tendo en conta os momentos de apoio.
	- Equilibrar a distribución do tempo en relación a actividades de gran grupo, pequeno grupo e traballo individual a fin de favorecer a incorporación dos apoios á dinámica da aula.

### Adaptacións propiamente curriculares

Estas son as modificacións que se realizan desde a programación en canto a obxectivos, contidos, metodoloxía, actividades e criterios e procedementos de avaliación a fin de atender ás diferenzas individuais.

Adaptacións posibles na avaliación	- Adecuar os modos de avaliación ás nee de cada alumno.
	- Detectar cales son as ideas previas dos alumnos antes de iniciar un novo tema.
	- Avaliar o contexto da aula: práctica do profesor, aspectos interactivos, e aspectos ambientais e organizativos.
	- Utilizar procedementos e instrumentos de avaliación variados e diversos.
	- Diseñar actividades de ensinanza- aprendizaxe que avalían os progresos dos alumnos.
	- Avaliar aos alumnos en situacións estruturadas e non estruturadas dentro e fóra da aula, así como a súa situación socio familiar.
Adaptacións posibles na metodoloxía	- Utilizar diferentes estratexias para conseguir un mesmo obxectivo.
	- Priorizar o uso de técnicas que favorezan a experiencia directa, a reflexión e a expresión.
	- Potenciar a utilización de técnicas de traballo colaborativo.
	- Utilizar estratexias que motiven e esperten o interese dos alumnos cara novos aprendizaxes.
	- Utilizar recursos variados que sexan adecuados para todos os alumnos da aula.
As Adaptacións nos obxectivos e contidos.	- Introducción de obxectivos e contidos na programación de aula.
	- Priorización de obxectivos e contidos na programación en función das necesidades dos alumnos.
	- Secuenciación diferente.

## **A nivel do alumno:**

Tendo en conta as diferentes características ou dificultades que poidan presentar os alumnos, nós como centro teremos que realizar as adaptacións curriculares precisas para facilitar a todo o alumnado a consecución dos fins establecidos.

Cando o profesor – titor tome todas as medidas posibles para resolver as dificultades dos alumnos e non consiga adecuar os niveis curriculares á programación de aula e observa ademais un gran desfase entre o alumno e o resto da clase, é o momento de pedir ao Departamento de Orientación a exploración de dito alumno. Si se considera tras a valoración que se trata dun alumno con necesidades educativas específicas de apoio educativo, realizaranse as adaptacións curriculares significativas correspondentes por parte do profesor titor en colaboración cos profesores especialistas de apoio e o Departamento de Orientación.

## **Respostas á diversidade a nivel do alumnado**

- **Reforzo educativo**

Determinados alumnos nalgún momento da súa escolaridade poden precisar un reforzo educativo. Polo tanto, como primeira medida ante algunhas dificultades temporais, estaría a organización de actividades de reforzo individuais ou colectivas, preferentemente en relación coas áreas instrumentais (Lingua e Matemáticas).

As funcións de reforzo son claramente responsabilidade do profesor titor dentro da súa labor titorial na aula e consiste en complementar, consolidar e enriquecer a acción educativa ordinaria.

- Apoios

Os apoios son unha modalidade de atención á diversidade de máis entidade que o reforzo, onde se implican outros profesionais como profesores con horas dedicadas a estes apoios ou para casos máis específicos en relación con alumnos con informe que precisan de apoio fóra da aula leva a cabo pola profesora de Pedagogía Terapéutica. Este apoios consisten fundamentalmente en mellorar a base dun área ou recuperar fundamentos dunha materia específica. Estaríamos falando de trastornos específicos na lecto-escritura, na comprensión lectora e na resolución de problemas e cálculos matemáticos.

A decisión de apoiar a un alumno debe chegar despois dunha avaliación por parte do Departamento de Orientación e ten que ser tomada de forma coordinada e consensuada por todas as persoas implicadas co alumno, incluíndo a autorización e o consentimento dos pais.



## 11. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Con relación ás actividades extraescolares remítome ao especificado no apartado de actividades complementarias e extraescolares da PXA do centro para o curso 2021-2022.

Con respecto ás actividades complementarias está previsto realizar unha saída cada trimestre aínda que cabe a posibilidade de realizar algunha outra que teña un verdadeiro interese para o alumnado.

## 12. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN FUNCIÓN DOS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

As modificacións que se consideren necesarias levaranse a cabo en base aos resultados obtidos polo alumnado, ás observacións realizadas por parte do profesorado e aos ítems do apartado 7 desta programación respecto á reflexión da práctica docente e a do cadro que a continuación se detalla.

ADECUACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPOSTAS DE MELLORA
<b>Preparación da clase e os materiais didácticos</b>	Hai coherencia entre o que se programou e o desenvolvemento das clases.		
	Existe unha distribución temporal equilibrada.		
	O desenvolvemento da clase adecúase ás características do grupo.		
<b>Utilización unha metodoloxía adecuada</b>	Tivéronse en conta as aprendizaxes significativas. Considérase a interdisciplinabilidade (en actividades, tratamento dos contidos etc.).		

	A metodoloxía fomenta a motivación e o desenvolvemento das capacidades do alumno.		
<b>Regulación da práctica docente</b>	Grao de seguimento dos alumnos.		
	Validez dos recursos utilizados na clase para as aprendizaxes.		
	Os criterios de promoción están acordados entre o profesorado.		
<b>Avaliación das aprendizaxes e información que se lles dá aos alumnos e ás familias</b>	Os criterios para unha avaliación positiva atópanse vinculados aos obxectivos e contidos.		
	Os instrumentos de avaliación permiten rexistrar numerosas variables das aprendizaxes.		
	Os criterios de cualificación están axustados á tipoloxía de actividades planificadas.		
	Os criterios de avaliación e os criterios de cualificación danse a coñecer: <ul style="list-style-type: none"> <li>• Aos alumnos.</li> <li>• Ás familias.</li> </ul>		
<b>Utilización de medidas para a atención á diversidade</b>	Adóptanse medidas con antelación para coñecer as dificultades de aprendizaxe.		
	Ofrecéronse resposta ás diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxe.		
	As medidas e os recursos ofrecidos foron suficientes.		
	Aplicáronse medidas extraordinarias recomendadas polo equipo docente atendendo os informes psicopedagóxicos.		

# **ANEXO I**

#### 4. CONCRECIÓN CURRICULAR

##### MAPA DE RELACIÓN CURRICULAR: ÁREA DE MATEMÁTICAS

Obxec	Contidos	Critérios	Estándares de aprendizaxe	Mínimos esixibles	CC
<b>BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS</b>					
g e	B1.1. Expresión verbal do proceso de razoamento da resolución dun problema sinxelo.	B1.1. Expresar verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema.	MTB1.1.1. Comunica verbalmente de forma sinxela o proceso seguido na resolución dun problema simple de matemáticas ou en contextos da realidade.	Explica verbalmente o proceso seguido para resolver un problema axudándose de pautas orais.	CMCT CCL
g b	B1.2. Confianza nas propias capacidades para desenvolver actitudes apropiadas e afrontar as dificultades propias do traballo científico.	B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático ben feito.	MTB1.2.1. Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto a traballar na área de Matemáticas.	Traballa ordenadamente na área de matemáticas.	CMCT CAA
g i	B1.3. Utilización guiada de medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	B1.3. Iniciar na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe coa axuda guiada do mestre ou da mestra.	MTB1.3.1. Manifesta interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	Amosa interese na utilización dos medios tecnolóxicos no proceso de aprendizaxe.	CMCT CD CAA
<b>BLOQUE 2. NÚMEROS</b>					
e g	B2.1. Números naturais ata o 99. B2.2. Nome e grafía dos números ata o 99.	B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.	Coñece os números naturais ata o 99.	CMCT CCL

	<p>B2.3. Equivalencias entre os elementos do sistema de numeración decimal: unidades e decenas.</p> <p>B2.4. O sistema de numeración decimal: valor de posición das cifras.</p> <p>B2.5. Identifica o número anterior e o seguinte a un dado.</p> <p>B2.6. Identifica o número maior, o menor e o igual a un dado.</p>	<p>razoamentos apropiados.</p>	<p>MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais.</p>	<p>Entende o concepto de valor posicional das cifras.</p>	<p>CMCT CCL</p>
<p>b e g</p>	<p>B2.7. Identifica os números ordinais do 1º ao 10º.</p> <p>B2.8. Utilización e relación dos números ordinais. Comparación de números.</p>	<p>B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais</p>	<p>Coñece os números ordinais do 1º ao 10º.</p>	<p>CMCT</p>
			<p>MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99.</p>	<p>Identifica situacións da vida cotiá onde facer recontos.</p>	<p>CMCT CCL CAA</p>
			<p>MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.</p>	<p>Descompón números de dúas cifras sen prestarlle atención ao valor posicional de cada unha das cifras.</p>	<p>CMCT</p>
			<p>MTB2.2.4. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.</p>	<p>Ordena os números enteiros pero ten dificultades para os representar na recta numérica.</p>	<p>CMCT</p>

b g	<p>B2.9. Iniciación no desenvolvemento de estratexias persoais de cálculo mental.</p> <p>B2.10. Gusto pola presentación ordenada e limpa dos cálculos e dos resultados.</p> <p>B2.11. Cálculo de sumas e restas.</p> <p>B2.12. Utilización en situacións familiares da suma para xuntar ou engadir e da resta para separar ou quitar.</p>	<p>B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de suma na resolución de problemas contextualizados.</p>	<p>Entende o mecanismo da suma de dous números naturais con apoio visual.</p>	CMCT
			<p>MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación de resta (sen levadas) na resolución de problemas contextualizados.</p>	<p>Entende o mecanismo da resta sen levadas de dous números naturais con apoio visual.</p>	CMCT
			<p>MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.</p>	<p>Coñece procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos. (contar obxectos, riscar obxectos...)</p>	CMCT
b g	<p>B2.13. Resolución de problemas da vida cotiá.</p>	<p>B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecendo conexións entre a realidade e as matemáticas e valorando a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados e reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB2.4.1. Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados.</p>	<p>Entende os enunciados dos problemas e formula mentalmente as solucións de problemas sinxelos.</p>	CMCT CAA
			<p>MTB2.4.2. Iníciase na reflexión sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto.</p>	<p>Resolve os problemas e repasa a resta ou a suma que resolveu.</p>	CMCT CAA CSIEE

**BLOQUE 3. MEDIDA**

